

Que é ATENPRO?

Que servizos ofrece?

○ **Servizo Telefónico de Atención e Protección para vítimas da violencia machista (ATENPRO)**, é un dispositivo de teleasistencia que permite que as usuarias poidan entrar en contacto en calquera momento cun Centro atendido por persoal específica-mente preparado para dar unha resposta adecuada á súa situación persoal.

Ofrece unha atención inmediata e a distancia, garantindo á vítimas unha resposta rápida ás eventualidades que lles poidan sobrevir, as 24 horas do día, os 365 días do ano e sexa cal for o lugar en que se atopen.

Dende o Centro de Atención mantense un contacto periódico coas usuarias do servizo, coa finalidade de realizar un seguimento permanente. Ante situacións de emerxencia, o persoal do Centro está preparado para dar unha resposta adecuada á crise exposta, ben con medios propios ou mobilizando outros recursos.

É un servizo accesible para mulleres con discapacidade auditiva (Módulo SOTA): a través dunha aplicación instalada no terminal permítese o contacto co Centro de Atención a través dun diálogo mediante mensaxes de texto.



Máis información:

Servizos de Igualdade ou Sociais do teu Concello

Información a Entidades Locais:
atenpro@femp.es

Páxina web: www.atenpro.es

Séguenos en:



@delgobvg @Atenproes



@delgobvg



Delegación del Gobierno contra la
Violencia de Género

Atenpro



Servizo de Atención e Protección A mulleres vítimas da violencia machista



Tranquilidade cando a necesites, os 365 días do ano



Apoio, información e asesoramento as 24 horas do día

Atención telefónica inmediata ante situacións de emerxencia



Conectada cun centro de atención que informa as Forzas de Seguridade en situacións de risco

Dispositivo móbil, con localizador GPS



Requisitos para acceder ao servizo:

- ✓ Ser muller vítima de violencia de xénero.
- ✓ Non convivir coa persoa que exerceu o maltrato
- ✓ Participar nos programas de atención especializada existentes no teu ámbito territorial.
- ✓ Aceptar as normas de funcionamento do servizo e cooperar para o seu bo funcionamento.

Se cumpres estes requisitos de acceso poderás solicitar a incorporación ao servizo ATENPRO nos Servizos de Igualdade locais ou os Servizos Sociais que te correspondan por domicilio.

Infórmate no teu concello

Chamadas da usuaria ao Centro

- Poderás chamar por distintos motivos: solicitar atención psicolóxica, falar cunha traballadora social, comunicar situacións de emerxencia, cambios na súa información de contacto, comunicar cambios na súa situación, solicitar información sobre recursos e servizos, etc.

- Tamén poderás chamar ás chamadas de seguimento que fará o Centro de Atención.

- Ante unha situación de emerxencia poderás chamar ao Centro de Atención, dende o que cal mobilizarán os recursos adecuados á situación (aviso a Forzas e Corpos de Seguridade, recursos sanitarios, etc.) e facilitaranse solucións.

Chamadas do Centro de Atención á usuaria

- Unha vez dada de alta no servizo, recibirás chamadas periódicas do Centro de Atención (poderás optar por chamadas quincenais ou mensuais) para facer seguimento da situación.

- Ademais destas chamadas, tamén poderás recibir outras con motivo de feitos relevantes (por exemplo, se tes que asistir a un xuízo), ou comunicacións para verificar o correcto funcionamento do sistema.



- Por último, tras unha chamada de emerxencia, programaranse sesións de seguimento posteriores á emerxencia, para dar continuidade á intervención iniciada no momento da alarma e valorar o teu estado psicosocial despois da mesma.